



CIRCULAR 3/2009 POLA QUE SE REGULAN AS PROBAS DE ACCESO AO GRAO ELEMENTAL DAS ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL DE DANZA.

O Decreto 196/2007, do 20 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de danza, establece no seu artigo 6.1 que para acceder ás ensinanzas de grao elemental de danza será requisito imprescindible superar unha proba específica de acceso, que garante os principios de igualdade, mérito e capacidade. Así mesmo, no seu artigo 7, establece que se poderá acceder a calquera curso do grao elemental sen ter superados os anteriores, sempre que se supere a correspondente proba de acceso.

Dado o carácter xeral desta normativa autonómica na regulación da proba de referencia, cómpre ditar as concretas normas de desenvolvemento para a súa aplicación nos centros que impartan o grao elemental de danza en Galicia, coa finalidade de acadar a necesaria obxectividade e unidade na organización e valoración das mencionadas probas.

En consecuencia co exposto, e en virtude da autorización prevista na disposición derradeira primeira do antes citado Decreto 196/2007, do 20 de setembro, esta dirección xeral dita as seguintes instrucións.

I - Disposicións xerais

1. Os centros da Comunidade Autónoma de Galicia que estean autorizados para impartir o grao elemental das ensinanzas de danza establecidas no Decreto 196/2007, do 20 de setembro, desenvolverán a proba de acceso ao dito grao de acordo co disposto nese Decreto e co regulado nesta circular.
2. Os centros que estean autorizados para impartir o grao elemental das ensinanzas de danza solicitarán, antes do 30 de abril de cada ano, á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a autorización do procedemento de acceso ao primeiro curso do grao elemental, de acordo co establecido nos seus proxectos curriculares, na normativa que regula o currículo destas ensinanzas e no disposto nesta circular. Este procedemento poderá incluír un curso ou cursiño preparatorio que non terá carácter oficial aos efectos de selección, promoción, permanencia e avaliación do alumnado, conforme ao disposto na disposición adicional sexta do Decreto 196/2007 do 20 de setembro. A autorización será válida para anos posteriores, sempre que o procedemento de acceso non sexa modificado.



3. Así mesmo, antes do 30 de abril de cada ano os centros deberán remitir ao Servizo Provincial de Inspección a relación de prazas ofertadas para o primeiro curso do grao elemental. Para estes efectos, cada centro debe ofrecer o número dispoñible de prazas vacantes en función dos recursos dispoñibles do centro.
4. Para a axeitada organización destas probas, os conservatorios e os centros autorizados abrirán un prazo para que os interesados poidan inscribirse nas secretarías dos centros onde pretendan acceder.
5. Os aspirantes que accedan a outros cursos do grao elemental que non sexa o primeiro, deberán de especificar na súa solicitude o curso ao que desexan optar, sempre que haxa vacantes dispoñibles no centro e sexan ofertadas por este.
6. Os centros farán pública coa suficiente antelación, toda a información pormenorizada sobre o contido das diferentes probas, a súa estrutura, características dos exercicios, criterios de cualificación ponderados, de ser o caso, e outros aspectos que describan as características e o nivel de dificultade para o acceso a cada un dos cursos e especialidades.
7. Todas as probas de acceso realizaranse nunha única convocatoria anual, unha vez establecida a oferta de prazas vacantes.
8. As probas de acceso ao primeiro curso do grao elemental levaranse a cabo na segunda quincena do mes de xuño. As probas de acceso a segundo, terceiro e cuarto do grao elemental realizaranse durante a primeira quincena do mes de setembro.
9. En relación ao punto anterior, se quedasen prazas vacantes na convocatoria de xuño, os centros poderán solicitar da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a autorización para unha convocatoria extraordinaria no mes de setembro, antes do comezo do curso escolar.

II - Acceso aos estudos de primeiro curso do Grao Elemental

1. Os aspirantes a ingresar no primeiro curso do grao elemental disporán dun máximo de dúas convocatorias para o acceso a este curso, non computándose, para estes efectos, as probas nas que se obtivo a puntuación mínima para acceder ao dito curso.
2. A proba de acceso avaliará en relación coa idade de cada solicitante, as súas aptitudes para iniciar os estudos de danza e contemplará, cando menos, os seguintes aspectos:



- a) Exercicios que permitan valorar a amplitud articular e a flexibilidade muscular das extremidades e do tronco.
 - b) Exercicios de coordinación corporal que permitan valorar a capacidade psicomotriz das persoas aspirantes.
 - c) Exercicios de salto para medir a potencia dos membros inferiores.
 - d) Exercicios de carácter musical para valorar as aptitudes musicais das persoas aspirantes.
 - e) Exercicios de improvisación que permitan valorar a creatividade, a musicalidade, a personalidade, a madurez e a capacidade de reacción dos aspirantes.
3. A realización destes exercicios efectuarase de maneira que ningún deles teña carácter eliminatorio. A valoración realizarase considerando tanto cada un dos aspectos sinalados no punto anterior como o conxunto da proba globalmente. Así mesmo, cada centro poderá contemplar no seu procedemento de acceso unha ponderación en relación á idade dos aspirantes.
4. A proba de acceso cualificarse globalmente de 1 a 10 puntos, ata un máximo dun decimal, debendo obter o aspirante unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba.
5. A proba á que se refire este artigo será xulgada por un tribunal nomeado a tal efecto pola dirección do centro.

III - Acceso a outros cursos do Grao Elemental

1. Poderase acceder a calquera outro curso do grao elemental sen ter superado os anteriores, sempre que se supere a correspondente proba. En calquera caso, o acceso a outros cursos do grao elemental estará supeditado á existencia de prazas vacantes.
2. Os aspirantes a ingresar noutros cursos do grao elemental disporán dun máximo de dúas convocatorias por curso.
3. En relación ao punto anterior, non se computarán as probas nas que se obtivo a puntuación mínima para o acceso aos ditos cursos do grao elemental.
4. Estas probas avaliarán as aptitudes, capacidades e coñecementos do aspirante para cursar os estudos para os que se solicita a praza.
5. As probas constarán de diversos apartados, segundo o curso ao que se pretenda acceder, terán carácter eliminatorio e consistirán en:



Acceso ao 2º curso

A proba constará de tres apartados, cada un deles correspón dese cunha materia do curso anterior:

Apartado 1- Danza clásica

Apartado 2- Danza de carácter

Apartado 3- Música

1- Danza clásica

Este apartado consistirá na execución de exercicios de base académica no chan, na barra e no centro, do nivel do curso anterior ao que se pretende acceder. A duración non será superior a 90 minutos e serán dirixidos e acompañados por profesorado e profesorado pianista do centro.

2- Danza de carácter

Este apartado consistirá na realización de diferentes exercicios no centro estudiados no curso anterior, que inclúan: exercicios rítmicos, paso de marcha, paso de polka e desprazamentos polo espazo.

3- Música

O apartado de Música, constará de 3 partes:

Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas.

Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas mediante unha proba de audición.

Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.

Na proba valoraranse a idade, as aptitudes físicas e musicais, así como tamén os coñecementos e a madurez dos aspirantes.

Cada un dos apartados puntuarse de 1 a 10 puntos. Será necesario un mínimo de 5 puntos en cada un deles para considerar a cualificación como positiva. Unha vez superados os tres apartados, procederase ao cálculo da media ponderada, que se axustará ás seguintes porcentaxes:

- a) Danza Clásica 70%
- b) Danza de Carácter 15%
- c) Música 15%



A puntuación final media, así calculada, será como mínimo de 5 puntos para poder superar a proba.

Acceso ao 3º curso

A proba constará de tres apartados, cada un deles correspón dese cunha materia do curso anterior:

Apartado 1.- Danza Clásica

Apartado 2.- Danza de Carácter

Apartado 3.- Música

1- Danza Clásica

Este apartado consistirá na execución de exercicios de base académica na barra e no centro, do nivel do curso anterior ao que se pretende acceder. A duración non será superior a 90 minutos e serán dirixidos e acompañados por profesorado e profesorado pianista do centro.

2- Danza de Carácter

Este apartado consistirá na realización de diferentes exercicios no centro estudiados no curso anterior, que inclúan: desprazamentos nos que se traballe o estilo e o ritmo de danza rusa cos zapatos de carácter e da Tarantela con pandeireta.

3- Música

O apartado de Música constará de 3 partes:

Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas.

Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas mediante unha proba de audición.

Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.

Na proba valoraranse a idade, as aptitudes físicas e musicais, así como tamén os coñecementos e a madurez dos aspirantes.

Cada un dos apartados puntuarase de 1 a 10 puntos. Necesitarase un mínimo de 5 puntos en cada un deles para considerar a cualificación como positiva. Unha vez superados os tres apartados, procederase ao cálculo da media ponderada, que se axustará ás seguintes porcentaxes:

- a) Danza Clásica 70%
- b) Danza de Carácter 15%
- c) Música 15%



A puntuación final media, así calculada, será como mínimo de 5 puntos para poder superar a proba.

Acceso ao 4º curso

A proba constará de catro apartados, cada un deles correspón dese cunha materia dos cursos anteriores:

- Apartado 1- Danza Clásica (3º)
- Apartado 2- Danza de Carácter (2º)
- Apartado 3- Danza Galega (3º)
- Apartado 4- Música (3º)

1- Danza Clásica

Este apartado consistirá na execución de exercicios de base académica na barra e no centro do nivel do curso anterior ao que se pretende acceder. A duración non será superior a 90 minutos e serán dirixidos e acompañados por profesores e pianistas do centro.

1- Danza de Carácter

Este apartado consistirá na realización de diferentes exercicios no centro estudiados no 2º curso que inclúan desprazamentos e nos que se traballe o estilo e o ritmo de danza rusa cos zapatos de carácter, e da Tarantela coa pandeireta.

3- Danza Galega

Este apartado consistirá na realización de diferentes exercicios no centro que inclúan paseíños, puntos , picados e voltas, tanto de xota como de muiñeira.

4- Música

O apartado de Música, constará de 3 partes:

- Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas.
- Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas mediante unha proba de audición.
- Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.

Na proba valoraranse a idade, as aptitudes físicas e musicais, así como tamén os coñecementos e a madurez dos aspirantes.

Cada un dos apartados puntuarse de 1 a 10 puntos. Necesitarase un mínimo de 5 puntos en cada un deles para considerar a cualificación como positiva. Unha vez



superados os catro apartados, procederase ao cálculo da media ponderada, que se axustará ás seguintes porcentaxes:

- a) Danza Clásica 70%
- b) Danza de Carácter 10%
- c) Danza Galega 10%
- d) Música 10%

A puntuación final media, así calculada, será como mínimo de 5 puntos para poder superar a proba.

6. Para a realización destas probas constituirase un só tribunal por curso, que avaliará todos os exercicios propostos. Estará composto por tres profesores/as designados/as pola dirección do centro.

IV - Superación das probas e matrícula

1. A superación das probas de acceso só será válida para obter posto escolar no centro, segundo a puntuación final acadada, e no ano académico no que esta se realiza. Para estes efectos, os alumnos que unha vez matriculados se trasladen de centro por matrícula viva, non terán que volver a realizar a proba.

2. Os aspirantes que tendo superado as probas, non resulten admitidos pasarán a relacionarse nunha lista de espera a efectos de poder obter praza no caso de producirse unha vacante. A dita lista só terá validez para a convocatoria á que se presente o aspirante, non tendo efectos para convocatorias posteriores.

3. As cualificacións referidas á proba de acceso ao primeiro curso do grao elemental consignaranse nas actas segundo modelo que figura no Anexo I a esta circular.

4. As cualificacións referidas á proba de acceso a outros cursos do grao elemental consignaranse nas actas, segundo modelo que figura no Anexo I a esta orde, de xeito ponderado e desglosadas, e cunha cualificación final global que será a puntuación definitiva da proba.

V - Procedemento para a reclamación das cualificacións das probas de acceso.

1. Co fin de garantir o dereito dos/das aspirantes a que o seu rendemento sexa avaliado conforme criterios obxectivos, o interesado ou interesada ou os seus representantes legais poderán reclamar ante a dirección do centro, nun prazo de



cinco días naturais contra as cualificacións da proba de acceso, cando consideren que a cualificación se outorgou sen a obxectividade requirida debido a:

- a) Inadecuación da proba proposta en relación cos contidos establecidos polo centro para esta.
- b) Incorrecta aplicación dos criterios de avaliación establecidos polo centro segundo consta no artigo .4º desta orde.

2. No suposto de reclamación contra as cualificacións da proba de acceso, o director ou directora do centro antes da súa resolución, someteras ao tribunal correspondente que poderá ratificarse na cualificación outorgada, ou estimar a procedencia de rectificar a cualificación reclamada.

3. No suposto de que a reclamación sexa desestimada, o interesado ou interesada poderá instar no prazo de dous día hábiles, para que a dirección remita o expediente á Delegación territorial correspondente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que, logo do informe do Servizo Provincial de Inspección Educativa, ditará a resolución procedente.

4. Co obxecto de evitar atrasos na resolución das reclamacións que puidesen prexudicar os interesados, deberán observarse os seguintes prazos:

- a) O director ou directora deberá resolver a reclamación presentada no prazo de cinco días naturais.
- b) No caso de ter que enviar o expediente á Delegación territorial, tramitarase no prazo de dous días.
- c) O Xefe/a territorial da Delegación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria correspondente solicitará o informe do Servizo Provincial de Inspección Educativa, e resolverá no prazo máximo de 10 días naturais dende a entrada do expediente na Delegación territorial. Esta resolución porá fin a vía administrativa para a reclamación de cualificacións.

Santiago de Compostela, a 12 de maio de 2009

O Director Xeral de ~~EDUCACIÓN~~, Formación Profesional e Innovación Educativa





Edificio Administrativo San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 – Santiago de Compostela
Teléfono: 981546562 Fax: 981546551
dxipee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

ANEXO I

Modelos de actas de probas de acceso ao grao elemental de danza

ACTA CORRESPONDENTE Á PROBA DE ACCESO AO 1º CURSO DO GRAO ELEMENTAL PARA O ANO ACADÉMICO 200_200_

(Decreto 196/2007, do 20 de setembro)

| Nº de orde | ASPIRANTES | CUALIFICACIÓN DEFINITIVA |
|------------|------------|--------------------------|
| | | |

A presente acta contén ____ alumnos/as.
____ a, ____ de ____ de 200 ____

O/A Presidente/a

O/A Secretario/a

Vogal

(Carimbo do centro)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 – Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546562 Fax: 981 546551
dxipee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es

ACTA CORRESPONDENTE Á PROBA DE ACCESO AO 2º CURSO DO GRAO ELEMENTAL PARA O ANO ACADÉMICO 200_200_

(Decreto 196/2007, do 20 de setembro)

| Nº de orde | Aspirante | Cualificación D. Clásica | Cualificación D. Carácter | Cualificación Música | CUALIFICACIÓN DEFINITIVA |
|---------------|-----------|-----------------------------|------------------------------|-------------------------|-----------------------------|
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

A presente acta contén _____ alumnos/as.
_____, a, ____ de ____ de 200 ____

O/A Presidente/a

Vogal

(Carimbo do centro)



ACTA CORRESPONDENTE Á PROBA DE ACCESO AO 3º CURSO DO GRAO ELEMENTAL PARA O ANO ACADÉMICO 200_200_

(Decreto 196/2007, do 20 de setembro)

| Nº de orde | Aspirante | Cualificación D. Clásica | Cualificación D. Carácter | Cualificación Música | CUALIFICACIÓN DEFINITIVA |
|---------------|-----------|-----------------------------|------------------------------|-------------------------|-----------------------------|
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

A presente acta contén ____ alumnos/as.

____ a, ____ de ____ de 200 ____

O/A Presidente/a

Vogal

O/A Secretario/a



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 – Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546562 Fax: 981 546551
dxfee@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es

ACTA CORRESPONDENTE Á PROBA DE ACCESO AO 4º CURSO DO GRAO ELEMENTAL PARA O ANO ACADÉMICO 2000-2001
(Decreto 196/2007, do 20 de setembro)

| Nº de orde | Aspirante | Cualificación D. Clásica | Cualificación D. Galega | Cualificación D. Carácter | Cualificación Música | CUALIFICACIÓN DEFINITIVA |
|---------------|-----------|-----------------------------|----------------------------|------------------------------|-------------------------|-----------------------------|
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |

A presente acta contén _____ alumnos/as.

____ a, ____ de ____ de 200____

O/A Presidente/a

O/A Secretario/a

Vogal

(Carimbo do centro)